





51.

Vila da Iglesia, *Cerceda*. Marzo 1980.

♩ : 408



variantes estróficas:



Ordes | V,2,375. Rosa 64.

L: 47c.

*Transcripción orixinal de Dorothe Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.



47c

A Virgen María
San José tamén
iban camiñando
de cara a Belén.

Son amantes firmes
que polos camiños
íbanse falando
con ghrandes cariños.

Palabriñas santas
dinas de adorar
din que a Belén queren
con día cheghar.

Foron caminando
moi logho encontraron
con dous pasaxeiros
a quen preghuntaron.

Se cara a Belén
no hai camiño dreito
que lle contestaron
con moi pouco xeito.

"¿A dónde camiña,
quisiera saber,
un home de noite
con unha muller?"

"Si por que bonita
non hai outra ighual
pensas que é roubada
pensades moi mal.

De que é miña esposa
testimonio teño
se o queredes ver-e
logho volo enseño."

Foron camiñando
moi logho encontraron
con un portal vello
en donde petaron.



Fixeron prolleito
de alí se quedar
porque non podían
xa máis camiñar.

Pola media noite
Naciu o neniño
entre pallas e iherba
o Verbo devino.

Cara máis bonita
rosto máis florido
non o puxo Dios-e
ien home nacido.

Que é fillo da Virgen
non ten que decir
que veu a este mundo
pra nos redemir.